



XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACION DE MONTES VECIÑAIS

Benito Corbal, n.º 47 - 4.º

Teléfono 84 60 26 - Fax 85 23 27

36071 PONTEVEDRA

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte RESOLUCIÓN:

ASISTENTESPRESIDENTE

D. Gerardo Zugasti Enrique.

VICEPRESIDENTE

D. José Juan Barreiro Prado.

VOCALIS

D. Fernando Sáenz de Miera y Cuesta.

D. Serafín Quinteiro Blanco.

VOCALIS REPRESENTANTES DACOMUNIDADE VECIÑAL DE SALCEDO.PONTEVEDRA.

D. Pastor Torres Carro.

D. Fernando Pintos Pereira.

SECRETARIA

Dona María José Echevarría Moreno.

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vintetrés de setembro de mil novecientos noventa e dous, coa asistencia dos señores ó marxe reseñados reúnese o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais ó obxecto de decidir sobre a clasificación do monte " A COSTA ", sito na parroquia de Salcedo, concello de Pontevedra.

ANTECEDENTES DE FEITO.-

PRIMEIRO.- O presidente da comunidade veciñal dos montes de Salcedo, do concello de Pontevedra, no seu escrito datado o mes de xaneiro de 1.990 interesaba a clasificación como monte veciñal en man común do coñecido por " A COSTA ", sito no lugar do mesmo nome

parecer, quedara fora da resolución deste mesmo Xurado de data 24 de maio de 1.982.

SEGUNDO.- Coa devandita solicitude de incoación de expediente acompañábase ademais dun croquis unha fotocopia do epígrafe " Terrenos a valdío e pasto común " do Libro do Amillaramento de San Martín de Salcedo do ano 1.864 que se conserva no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, identificando o solicitante a parcela de monte " A COSTA " coa que alí se inventaría como " La Costa y Casal ".

TERCEIRO.- Decidiu este Xurado en reunión de 24 de maio de 1.990 abrí-lo oportuno expediente.



CUARTO.- O 21 de maio de 1.992 notifícase ós solicitantes así como ó Excmo. Concello de Pontevedra a apertura do período de alegacións, sen que se personara parte algunha no expediente.

QUINTO.- O 29 de maio de 1.992, notifícase ó Sr. Rexistrador do Distrito Hipotecario de Pontevedra o referido acordo de iniciación dos trámites para a clasificación do devandito monte a efecto de preceptiva anotación preventiva publicándose o 3 de xuño no B.O.P..

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO.-

PRIMEIRO.- Son montes veciñais en man común os que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cuotas polos membros daquelas na súa condición de veciños (artigo 1 da Lei 13/1.989, de 10 de outubro e, en semellantes termos o artigo 1 da Lei 11 de novembro de 1.980, número 55/80).

SEGUNDO.- Xurisprudencialmente tense sinalado que para que un monte poda ser declarado como veciñal en man común precísase da concorrencia dos seguintes requisitos: a) O aproveitamento consuetudinario en réxime de comunidade e con carácter exclusivo, polos veciños agrupados en parroquias, aldeas, lugares accesorios, barrios e outros semellantes non constituidos formalmente en entidades municipais; e, b) Que, aínda cando existan actos formais de inclusión no inventario de bens ou rexistro público con asignación doutra titularidade, non fosen acompañadas dun cambio real e efectivo na posesión a prol dos que nos mesmos figuren como titulares durante o tempo necesario para alcanzar o dominio por prescripción.

TERCEIRO.- Da documental que compón o expediente colíxese que: a) Nin polo concello de Pontevedra nin por persoa outra algunha se formulou oposición á clasificación como veciñal en man común do monte " A COSTA "; b) Que segundo o Rexistrador do Distrito Hipotecario non aparece inscrita a prol de ninguén dita parcela; c) Que segundo o informe do Servicio Provincial de Producción Forestal en realidade " A COSTA " consta de dúas parcelas, unha situada máis

cara ó Norte dunha superficie de 0,816 Has. e outra de 0,056 Has., atopándose ámbalas dúas a toxeira e que veñen sendo aproveitadas dende sempre polos veciños do lugar; e d) Malia o anterior e con respecto á segunda das parcelas considérase que, pola súa ubicación (estrema co camiño de Agrovello e un sendeiro) e a súa pequena superficie, se trata dun sobranse de camiño que non pode ser considerado como monte veciñal en man común.

Vistos tódolos **antecedentes de feito e fundamentos de dereito** este Xurado acorda a clasificación como veciñal en man común do monte denominado "A COSTA S₁" tal como a continuación se describe, a favor da comunidade de veciños da parroquia de Salcedo (Pontevedra):

NOME DO MONTE: "A COSTA, S₁".

CABIDA: 0,816 Has.


LIMITES


Norte.- Propiedades particulares de Costa e Camiño.

Leste.- Camiño de Agrovello e propiedades.

Sur e Oeste.- Propiedades particulares.

Comuníquese a presente Resolución ós posibles interesados.





Esculca S₂+S₃